

## **ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DIA 2 XANEIRO DO 2007.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día dous de xaneiro de dous mil sete; a unha e media do mediodía xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, don Marcos Blanco Jorge.- Concelleiros: Don Francisco Xabier Carreira Sebio, Dona Manuela Iglesias Collarte, Dona Luísa del Carmen Escudero Centrón e Don Don José Ignacio Gómez Pérez.-

Está presente o Secretario-Interventor Don Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

### **1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado 26 de Decembro do dous mil seis (Ordinaria).

### **2.- OBRAS MAIORES.-**

Non houbo.-

### **3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.**

#### **DEVOLUCION DE AVAL.-**

Visto o escrito da empresa **Construccións Alva S.L.**, empresa adxudicataria da obra denominada “Adecuación dun local para dependencias da Policia Local”, con domicilio na Estrada de Piñor nº 12, Ourense, no que solicita a devolución da fianza definitiva da devandita obra, por importe de 400.000 pesetas, a Xunta de Goberno Local, vista a documentación obrante no expediente e transcurrido o prazo de garantía establecido, por unanimidade, acorda acceder o solicitado.

Visto o escrito da empresa **Traima S.L.**, empresa adxudicataria da obra denominada “Saneamento en Prexigueiro, Val de Pereira e outros núcleos”, con domicilio na rúa do Picouto nº 13, baixo Barbadas, no que solicita a devolución da fianza definitiva da devandita obra, por importe de 5.073,60 euros, a Xunta de Goberno Local, vista a documentación obrante no expediente e transcurrido o prazo de garantía establecido, por unanimidade, acorda acceder o solicitado.

Visto o escrito da empresa **Lorvicon S.L.**, empresa adxudicataria da obra denominada “Saneamento e abastecemento en Francelos e Outros”, con domicilio na rúa de Galicia nº 49, O Carballiño, no que solicita a devolución da fianza definitiva da devandita obra, por importe de 5.032,12 euros, a Xunta de Goberno Local, vista a documentación

obranche no expediente e transcurrido o prazo de garantía establecido, por unanimidade, acorda acceder o solicitado.

#### **4.- ESCRITOS OFICIAIS.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, toma coñecemento dos seguintes:

- “Da Consellería de Vivenda e Solo, Convenio de Colaboración entre o Instituto Galego de Vivenda e Solo e o Concello de Ribadavia para a Mellora do entorno do grupo de vivendas de San Paio”.

-“Da Dirección Xeral de Urbanismo, remitindo proxecto de Estatutos da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística”.

-“ Da Consellería de Innovación e Industria, Resolución do Inega, concedendo axuda encamiñada o proxecto de aforro e eficiencia enerxética e enerxías renovables, por importe de 41.096,92 euros”.

-“ Da Federación Galega de Municipios e Provincias, escrito comunicando a prórroga do Convenio do Grupo estable do GRUMIR durante o ano 2007”.

-“ Do Instituto da Xuventude, comunicando resolución de expediente núm.. Ref.. ES-12-56-2006-RS”.

- “ Da Deputación Provincial de Ourense, comunicando altas no servizo de teleasistencia domiciliaria”.

-“ Da Confederación Hidrográfica do Norte, comunicando Resolución do expte. Sancionador incoado contra Don José Munin Cuñas”.

#### **5.- CUESTIONS ECONOMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

##### **APROBACION DE PROXECTO.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, presta aprobación o proxecto denominado “Eliminación de pluviais da rede de Saneamento de Santo André”, redactado polo Enxeñeiro, Don Casimiro Fontenla Bugallo, por importe de 93.712,76 euros.

#### **6.- ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as dúas e cuarto do mediodía, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.